

<b>ÁREA SOCIAL E ASISTENCIAL SGAE E FUNDACIÓN SGAE</b>
--

## **V CONVOCATORIA DE COMPENSACIÓN DOS ANOS COTIZADOS PARA MAIORES SEN EMPREGO:**

A Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), a través do seu Departamento de Socios e a Fundación SGAE, fan unha convocatoria pública aos seus socios/as-autores/as para a concesión de contratacións para aqueles autores que, trala súa vida laboral, carezan da posibilidade de acceder a unha Pensión Contributiva de Xubilación e poidan acreditar 14 anos cotizados á Seguridade Social.

O obxectivo destas axudas é conseguir que autores/as que pola carencia de traballos/actuacións, etcétera e estando a falta de non máis dun ano para acceder á Pensión Contributiva por Xubilación poidan retribuír á Seguridade Social a través dun programa de representacións musicais, audiovisuais ou teatrais en entidades sociais, ata conseguir o mínimo esixido para acceder á Pensión Contributiva da Seguridade Social. A concesión destas axudas estará condicionada á capacidade orzamentaria da Fundación SGAE.

### **BASES:**

#### **I.-BENEFICIARIOS/AS**

Poden solicitar estas axudas tódolos socios/as da SGAE que sexan **autores/as vivos con voto na SGAE** que reúnan os seguintes requisitos:

- Socios/as que estean a falta do tempo mínimo esixido para acceder a unha Pensión Contributiva de Xubilación que cotizaran ao longo da súa vida laboral en España e que estiveran en activo polo menos durante os últimos quince anos realizando algún proxecto autoral ou artístico relacionado co ámbito de xestión da SGAE. Para acreditar este requisito solicítase o Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social (entenderase que o documento é hábil sempre que sexa emitido no ano natural da solicitude).
- Que o autor/a acredite uns ingresos anuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM 2019 (6.454,03 €)
- Que o autor/a non estea a percibir axudas económicas de emerxencia social (APS) durante o mesmo ano natural da presente convocatoria.
- Que o autor/a manifeste a intención veraz de realizar as actividades ou actuacións que se lle soliciten para acreditar o tempo suficiente para optar á Pensión Contributiva. A estes efectos o autor que resulte seleccionado deberá subscribir con Fundación SGAE un

compromiso por escrito polo que se obriga a realizar as actividades necesarias para alcanzar o fito de cotización necesario obxecto da axuda. O incumprimento por parte do autor do compromiso adquirido é causa automática da revogación da axuda.

## **II.-CONTIDO**

A axuda consistirá en:

- Realizárase unha alta na Seguridade Social no Réxime Xeral de Traballadores Autónomos (R.E.T.A) segundo os casos ata cumprir cun máximo de 12 meses. Partirase da situación de vida do socio/a e sempre que non se atope incapacitado para a súa profesión habitual.
- O socio/a será integrado nun programa de representacións musicais, audiovisuais ou teatrais en entidades sociais, co obxecto de contribuír á obtención do mínimo esixido para acceder á Pensión Contributiva da Seguridade Social.

## **III.-REQUISITOS FORMAIS DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

1. Na solicitude débese indicar que se dirixe á:

### **V CONVOCATORIA DE COMPENSACIÓN DOS ANOS COTIZADOS PARA MAIORES SEN EMPREGO**

2. A documentación débese remitir por correo postal á Sociedade Xeral de Autores e Editores. Departamento de Socios-Área Social e Asistencial. r/ Fernando VI, 4. 28004 Madrid, ou por correo electrónico ao enderezo: [programamayores@fundacionsgae.org](mailto:programamayores@fundacionsgae.org).
3. O prazo de presentación das solicitudes quedará aberto durante todo o ano e a concesión das axudas resolverase en función do orzamento e do calendario previsto de reunións do Grupo de Traballo de APS.

Coa solicitude débense presentas os seguintes documentos:

- a. Cubrir formulario de Solicitude.
- b. Fotocopia NIF ou NIE.
- c. A última declaración da renda ou certificado negativo de Facenda.
- d. Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se poidan comprobar as cotizacións á Seguridade Social no Estado español (entenderase que o documento é hábil sempre que sexa emitido no ano natural da solicitude).
- e. Acreditar alta no réxime de Autónomos ou capacidade de darse de alta en devandito réxime.
- f. O/a Solicitante terase que axustar ao proxecto artístico (representación musical, sketch, monólogo, obradoiro, formación, baile, cine fórum, etcétera) que se le programe en coordinación coa entidade social que corresponda e poida repetir tantas veces como lle sexa requirido e executado polo socio/a por si mesmo. Á súa vez, o/a Solicitante deberá contar cos materiais, instrumentos ou atrezzo que precise para levalo a cabo.

#### **IV- LÍMITES DA CONVOCATORIA:**

Esta convocatoria estipúlase como un dereito social do Autor/a cun voto como mínimo, que teña unha renda igual ou inferior ao dobre do IPREM, poida acreditar 14 anos de cotización á Seguridade Social e se comprometa a facer un mínimo de dez representacións ou obradoiros formativos (un cuatrimestre mínimo) nas entidades ou centros sociais que se lle pauten.

As axudas non teñen carácter retroactivo e só se poderán desfrutar nunha única ocasión. En calquera caso, a súa concesión e mantemento están condicionados a que se acepte polo beneficiario o plan de actuacións/emprego que lle propoña a Fundación SGAE a través do Departamento de Socios de SGAE.

#### **V.- CONTÍA DA CONVOCATORIA**

Realizarase unha alta na Seguridade Social no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (R.E.T.A.) segundo os casos ata cumprir cun máximo de 12 meses.

Priorizaranse as solicitudes que se atopen máis próximas á posible obtención do mínimo esixido para acceder á Pensión Contributiva de Xubilación, segundo o caso do socio/a.

Madrid, a 28 de xaneiro de 2019